



SLG informa:

ACTUALIZADO

Suplemento informativo especial do Sindicato Labrego Galego

ACTUALIZADO A 5 DE MAIO COA ADAPTACIÓN QUE FIXO A CONSELLARÍA DE MEDIO RURAL DA ORDE SND/381/2020 (os cambios van en cor maxenta)

APERTURA DOS MERCADOS DE ALIMENTOS NON SEDENTARIOS

A Xunta de Galicia autoriza a apertura dos mercados alimentarios de proximidade a partir do luns 4 de maio. O protocolo para a celebración dos mesmos é o establecido no Diario Oficial de Galicia do 24 de marzo. Podes consultalo [AQUÍ](#)

DESBROCES NO ENTORNO DAS CASAS

Continúa a obriga de executar a xestión da biomasa pero cun prazo ampliado até o 13 de xullo de 2020. As persoas deberán levar consigo unha declaración responsable, con referencia catastral da parcela ou parcelas. Podes consultalo [AQUÍ](#)

DESPRAZAMENTO A HORTAS DE AUTOCONSUMO

O BOE cambia a cuestión referida aos desprazamentos, non existindo límites nas distancias. Así, podes atender unha horta de autoconsumo se está no mesmo municipio no que vives ou nun concello limítrofe. Limitase a unha persoa a que pode realizar estes traballos.

DESPRAZAMENTO A VIÑEDOS DE AUTOCONSUMO

A Consellaría de Medio Rural adopta no viñado de autoconsumo a norma publicada no BOE para hortas. Polo tanto, considéranse viñedos de autoconsumo aqueles que non están inscritos nin nun consello regulador nin no rexistro vitivinícola. Poderase atendelos sempre que estean no termo municipal onde o titular ten o seu domicilio ou nun concello limítrofe. Só pode realizar estas tarefas unha persoa.

DESPRAZAMENTO A FROITEIRAS DE AUTOCONSUMO

Estes desprazamentos non están contemplados en ningunha normativa. Supoñemos que non está xustificado o desprazamento como tal pero, normalmente, en autoconsumo a fruticultura está asociada a outros cultivos, polo que se é dentro do propio concello ou no limítrofe, o desprazamento quedaría amparado polo coidado da horta.

DESPRAZAMENTO PARA APAÑAR LEÑA

Non se publicou ningunha norma que xustifique este desprazamento.

COIDADO E ALIMENTACIÓN DE ANIMAIS

Tal e como vén acontecendo dende os inicios da emerxencia sanitaria, están xustificadas os desprazamentos para o coidado de animais.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Na Galiza, hai que levar canda si unha declaración responsable cando se atendan hortas ou viñedos de autoconsumo. Podes descargar o modelo [AQUÍ](#)

No caso de que, polo tipo de traballo ou cultivo ou por causa xustificada, sexa necesario contar con dúas persoas para a realización do traballo, deberá especificarse na declaración responsable, sinalando o tipo de traballo, cultivo ou causa xustificada.

OCUPACIÓN DE VEHÍCULOS

Mentres sigamos na na **Fase 0**, en vehículos privados de até nove prazas poderán viaxar 2 persoas por cada fila de asentos, sempre con mascarilla.

Cando pasemos á **Fase 1**, prevista a partir do 11 de maio, poderá ir o vehículo completo se as persoas residen no mesmo domicilio; no caso de persoas que vivan en distintos domicilios, poderían ir dúas persoas por fila con mascarilla.

TEMOS TEMPO LÍMITE PARA ACCEDER A CALQUERA TIPO DE COMERCIO?

En principio non se contempla límite específico de tempo para o comercio, pero como ten que ser cunha cita concertada por teléfono, o lóxico é que o propio comercio teña un tempo para cada persoa que concerte cita.

PODO IR A CALQUERA COMERCIO SEN XUSTIFICANTE?

En principio non hai previsto ningún tipo de xustificante, aínda que as autoridades poderían realizar as comprobacións que estimasen oportunas (no propio comercio) para saber se estamos facendo un desprazamento xustificado ou estamos mentindo no motivo do desprazamento.

ONDE PODO ATOPAR MÁIS INFORMACIÓN?

Nas seguintes ordes:

Orden SND/386/2020, de 3 de mayo, por la que se flexibilizan determinadas restricciones sociales y se determinan las condiciones de desarrollo de la actividad de comercio minorista y de prestación de servicios, así como de las actividades de hostelería y restauración en los territorios menos afectados por la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

Orden SND/388/2020, de 3 de mayo, por la que se establecen las condiciones para la apertura al público de determinados comercios y servicios, y la apertura de archivos, así como para la práctica del deporte profesional y federado.



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas